

DILIGENCIA: Para hacer constar que el presente edicto estuvo expuesto en el Tablón oficial de anuncios de este Ayuntamiento, durante el plazo reglamentario.

Expte: 2384-232
Retirar: 01-04-2024



Concello de Vigo
Expte. 4278/1101

Vigo, 01-04-2024
El Secretario General
P.A.
El Jefe del Registro General.
Jose Manuel González Ucha

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 4/2024

SESIÓN ORDINARIA DO 26 DE FEBREIRO DE 2024



ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

1. **Actas anteriores:** Extraordinaria do 22.01, ordinaria do 29.01 e extraordinaria do 12.02.2024.

Declaracións institucionais.

2. Declaración Institucional do Pleno do Concello de Vigo polo día Mundial das Enfermidades Raras e Crónicas 2024. Expte. Pleno 4277/1101.
3. Toma de coñecemento da renuncia ao cargo de concelleira presentada por D^a Marta Fernández-Tapias Núñez, pertencente ao grupo municipal do Partido Popular (Rexistro Pleno 4280/1101).

Ditames das comisións informativas:

SEGURIDAD, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

4. Proposta de compatibilidade para actividade privada do Sr. Lorenzo Fontán, persoal eventual ao servizo do Concello de Vigo. Expte. 43629/220. (Expte. Pleno 4283/1101).

ORZAMENTOS E FACENDA

5. Dar conta da Resolución da Alcaldía polo que se aproba a Liquidación do Orzamento deste Concello de Vigo e do seu organismo autónomo administrativo da Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondente ao exercicio 2023. Expte. 274/143 (Expte. Pleno 4265/1101)

Mocións:

6. Moción do grupo municipal Socialista instando esixirlle á Consellería de Cultura, Educación e Universidade os investimentos necesarios para a substitución de todas as caldeiras máis antigas dos centros escolares vigueses por unhas de maior eficiencia enerxética. Expte. Pleno 4286/1101.
7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a decretar a gratuidade dos aparcadoiros do Hospital Álvaro Cunqueiro, pertencentes ao SERGAS, ao igual que é gratuito o construído polo Concello e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 4287/1101.

PARTE DE CONTROL

Mocións.

8. Moción do grupo municipal do BNG, instando ao goberno municipal a utilizar os remanentes municipais para a atención das necesidades reais da cidade. Expte. Pleno 4281/1101.
9. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre a entrada en prisión do ex alcalde pedáneo de Bembrive, polos delitos de prevaricación, falsidade documental e malversación de fondos públicos. Expte. Pleno 4279/1101.

Resolucións.

10. Dar conta de resolucións da Alcaldía, ditadas entre o 22/01/24 e o 18/02/24, incluídas no expediente 1637/1102 (Expte. Pleno 4284/1101).
11. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 22/01/24 e o 18/02/24, incluídas no expediente 1638/1102 (Expte. Pleno 4285/1101).
12. Dar conta do Decreto da Alcaldía, de data 8.02.24, de delegación no concelleiro delegado de Fomento e Servizos, tódalas atribucións necesarias no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao mundial de fútbol da FIFA de 2030. Expte. 1134/1102 (Expte. Pleno 4273/1101).

13. Formulación de rogos.

14. Formulación de preguntas.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Ilmo. Sr. Alcalde

Aguiar Castro, Yolanda (*incorpórase no punto 3, ás 9,19 horas*)

Alonso Suárez, Olga

Aneiros Pereira, Jaime

Caride Estévez, María José

Espinosa Mangana, Elena

Estévez Rodríguez, Pablo Luis

Fernández Pérez, José Manuel

Gómez Díaz, Gorka

Iglesias González, Ana Laura

Iglesias López, Patricia

Lago Barreiro, M.^a del Carmen

López Font, Carlos

Mejías Sacaluga, Ana Maria

Rivas González, Ángel

Rodríguez Calviño, Patricia

Rodríguez Rodríguez, Nuria

Silva Rego, M.^a Carmen

Garrido Valenzuela, Irene

González Abeijón, Fernando

Martin Peña, Jose Miguel

Sanchez Méndez, M.^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe

Martínez Piñeiro, Ana

Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:

Pardo Espiñeira, Francisco Javier

Fernández Tapias, Marta

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trece minutos (09:13) do día vinte e seis de febreiro do ano dous mil vinte e catro (26/02/24), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario de Administración municipal, don Jose Villán Fuertes, que actúa como Secretario Xeral do Pleno e dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1.-(18). ACTAS ANTERIORES: EXTRAORDINARIA DO 22.01, ORDINARIA DO 29.01 E EXTRAORDINARIA DO 12.02.2024.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos membros presentes (24) da Corporación, con dereito a voto neste asunto da orde do día, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito, apróbanse as seguintes actas:

- Sesión núm. 1/2024 extraordinaria, celebrada o 22/01/24
- Sesión núm. 2/2024 ordinaria, celebrada o 29/01/24.
- Sesión núm. 3/2024 extraordinaria, celebrada o 12/02/24.

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2.-(19) DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO POLO DÍA MUNDIAL DAS ENFERMIDADES RARAS E CRÓNICAS 2024. EXPTE. PLENO 4277/1101.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de febreiro, número 4277/1101, Declaración Institucional asinada polos voceiros dos grupos políticos municipais polo Día Mundial das Enfermidades Raras e Crónicas 2024, procedendo a ler o texto a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, que di o que segue:

"En Europa, as enfermidades raras son aquelas cuxa prevalencia está por baixo de 5 por cada 10.000 habitantes. Máis da metade das familias con enfermidades raras esperan máis de 6 anos para lograr un diagnóstico e tan só 6% teñen tratamento. Calcúlase que 300 millóns de persoas en todo o mundo, 3 deles en España, e 200.000 en Galicia padecen estas enfermidades.

O próximo 29 de febreiro, un día único no noso calendario, celébrase o Día Mundial das Enfermidades Raras, evento que se repite cada ano o último día do mes de febreiro para impulsar unha mobilización mundial que permita posicionar a realidade destas patoloxías na axenda pública. Unha acción liderada no noso país polo movemento asociativo baixo o paraugas da Federación Española de EERR, FEDER.

Este ano, como ven sendo habitual, a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas, Fegerec, únese a FEDER co chamamento máis vale máis previr que curar.

De acordo coa OMS, a prevención non soamente é «previr a aparición da enfermidade, senón tamén deter o seu avance e atenuar as súas consecuencias unha vez establecida».

O tecido Asociativo ten moi claro que para favorecer a prevención de enfermidades raras e as súas consecuencias é necesario:

- 1. Impulsar a investigación, favorecendo que se comparta e difúndase o coñecemento xerado entre a comunidade investigadora e profesional e que se incremente o financiamento público en I+D+i*
- 2. Implementar medidas que garantan o acceso en equidade a probas de diagnóstico, á atención integral necesaria e aos medicamentos, independentemente da CCAA onde un resida.*
- 3. Que España recoñeza a especialidade de xenética clínica.*
- 4. Colaborar, apoiar e poñer en valor as accións do tecido asociativo tanto no ámbito asistencial, como o de xerador de coñecemento e investigación.*

5. *Implementación das estratexias autonómicas en liña coa Estratexia Nacional de EERR.*

Dende a Federación Española e Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas instamos a todas as administracións e institucións competentes a impulsar e asumir as correspondentes competencias en materia de investigación, diagnóstico, tratamento e coñecemento que garantan a prevención destas enfermidades en tempo e forma adecuado e por suposto en condicións de equidade."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

*.- ***Incidencia.*** *Sendo as 09:19 h., incorpórase a sesión plenaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, do grupo municipal Socialista. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e de feito,*

3.- (19). TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA AO CARGO DE CONCELEIRA PRESENTADA POR D^a MARTA FERNÁNDEZ-TAPIAS NÚÑEZ, PERTENCENTE AO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (REXISTRO PLENO 4280/1101).

ANTECEDENTES: Con data 20 de febreiro de 2024 (Rexistro entrada Pleno 4280/1101), a concelleira do grupo municipal do Partido Popular D^a Marta María Fernández Tapias Núñez presenta o seguinte escrito:

"EXPONE Que por motivos personales presenta la renuncia al cargo de concejala del Grupo Municipal del Partido Popular de Vigo, que viene ejerciendo desde su toma de posesión en la sesión constitutiva de la Corporación Municipal celebrada el día 17 de junio de 2023.

Por ello, SOLICITA,

Que teniendo por presentado este escrito y por hechas las manifestaciones contenidas en el mismo, previos los trámites que procedan, le sea aceptada y tramitada su renuncia a dicho cargo de Concejala del Ayuntamiento de Vigo."

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do escrito de renuncia da concelleira antes citada.

O Pleno da Corporación Municipal toma coñecemento da renuncia presentada pola Sra. Fernández-Tapias Núñez, concelleira pertencente ao grupo municipal do Partido Popular.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

4.-(20). PROPOSTA DE COMPATIBILIDADE PARA ACTIVIDADE PRIVADA DO SR. LORENZO FONTÁN, PERSOAL EVENTUAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 43629/220. (EXPTE. PLENO 4283/1101).

ANTECEDENTES: Con data 16.02.24, o técnico de administración xeral de RRHH e Formación, co conforme da xefa da Área de RRHH e Formación e da concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación e mais da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, emite o seguinte informe proposta,

*"II- A petición do Grupo Municipal do Partido Popular, por resolución da Alcaldía de data 13/12/2023, nomeouse a D^o. D. Lorenzo Fontán, con DNI ***5166**, como persoal eventual para o posto de asesor, en réxime de dedicación completa, retribución anual de 34.968,92 € con efectos do 01/01/2024.*

III- En data 24/01/2024, D^o. D. Lorenzo Fontán, solicita autorización de compatibilidade laboral entre o seu posto como persoal eventual no Concello de Vigo e o posto de speaker (animador de eventos deportivos) no estadio municipal de Balaídos nos partidos do primeiro equipo do RC Celta de Vigo SAD.

III- Consta incorporado ao presente expediente a seguinte documentación:

-Certificado do Real Club Celta de Vigo, onde se recolle (entre outros aspectos) que:

"El número de horas totales de su actividad es inferior a 60 horas al año y la media salarial bruta de una temporada ordinaria son 3000 euros correspondiente por partido a 150 Euros brutos.

(...)

Su jornada se inicia 30 minutos antes del arranque del partido y finaliza al finalizar los 90 minutos reglamentarios. Los partidos se celebran de manera habitual durante el fin de semana, si bien, puntualmente, pueden tener lugar en días de semana siempre en horario de tarde.

(...)Funciones:

- "Comunicar a través de la megafonía del estadio los hitos relacionados con el partido (alineaciones, cambios, goles, etc).

- Comunicar a través de la megafonía del estadio los mensajes informativos y/o comerciales indicados por el club o la organización del partido.

- Dinamizar a través de la megafonía del estadio a la afición mediante mensajes de bienvenida al estadio, motivación y otros".

-Escrito do Grupo Municipal do Partido Popular no que mostran a conformidade coa actividade pretendida polo solicitante, indicando que non compromete nin modifica a xornada nin o horario do interesado, "que non se ven comprometidos os intereses

xerais da función pública, nin menoscabado o cumprimento dos seus deberes como persoal eventual do Concello de Vigo".

-FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-Marco normativo de aplicación ao persoal eventual ao servizo das Entidades Locais.

O 89 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), establece que o persoal ao servizo das Entidades locais estará integrado por funcionarios de carreira, contratados en réxime de Dereito laboral e persoal eventual que desempeña postos de confianza ou asesoramento especial.

Por outro lado, o vixente artigo 92 da propia LRBRL, dispón que os funcionarios ao servizo da administración local, ríxense, no non disposto nesta lei, pola lei do Estatuto Básico do Empregado Público (hoxe Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, TREBEP) pola restante lexislación do Estado en materia de función pública, así como pola lexislación das Comunidades Autónomas, nos termos do artigo 149.1.18.^a de la Constitución, mostrando deste xeito o carácter prevalente na materia da propia LRBRL sobre as previsións do TREBEP.

Con respecto á regulación do persoal eventual, a citada norma establece que o número, características e retribucións do persoal eventual será determinado polo Pleno de cada Corporación, ao comezo do seu mandato. Estas determinacións só poderán modificarse con motivo da aprobación dos orzamentos anuais (artigo 104.1 da LRBRL).

O nomeamento e cese destes funcionarios é libre e corresponde ao Alcalde ou Presidente da entidade local correspondente. Cesan automaticamente en todo caso cando se produza o cese ou expire o mandato da autoridade á que presten a súa función de confianza ou asesoramento.

Igualmente, o artigo 12.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), dispón que é persoal eventual o que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo retribuído con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin.

As leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento deste Estatuto determinarán os órganos de goberno das Administracións Públicas que poderán dispoñer deste tipo de persoal. O número máximo establecerase polos respectivos órganos de goberno. Este número e as condicións retributivas serán públicas (12.2 TREBEP).

O nomeamento e cese serán libres. O cese terá lugar, en todo caso, cando se produza o da autoridade a la que se preste a función de confianza ou asesoramento (12.3 TREBEP).

A condición de persoal eventual no poderá constituír mérito para o acceso á Función Pública ou para a promoción interna (12.4 TREBEP).

Ao persoal eventual seralle aplicable, no que que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira (12.5 TREBEP).

Por outro lado, a Lei 2/2015, de 29 de abril, del emprego público de Galicia (LEPG), regula este tipo de persoal nos artigos 29 e seguintes.

-Réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo de sector público

- O réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo do sector público vén definido pola Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas (LIPSAP), de aplicación ao persoal ao servizo das corporacións locais e dos organismos autónomos delas dependentes. A dita norma ten plena vixencia na actualidade, coa aprobación do TREBEP.

A LIPSAP distingue por unha parte o réxime propio das incompatibilidades cando se trata de outros postos ou actividades no sector público e por outro lado, cando o pretendido se corresponde con actividades privadas.

Se vén para as segundas actividades ou postos no sector público, a regra xeral da norma é optar preferentemente pola vía da incompatibilidade, salvo aquelas excepcións que expresamente se prevén, para o caso das actividades privadas, a lei recolle expresamente os supostos nos que se establece a prohibición de compatibilidade, entendéndose admitidos aqueles supostos non taxados en estas prohibicións, sempre que se cumpran co resto de requisitos establecidos.

En este senso, a regulación das actividades privadas, recóllese dentro do Capítulo IV da citada LIPSAP.

En primeiro lugar, o artigo once establece que:

"De acuerdo con lo dispuesto en el artículo 1º,3, de la presente Ley, el personal comprendido en su ámbito de aplicación no podrá ejercer, por sí o mediante sustitución, actividades privadas, incluidas las de carácter profesional, sean por cuenta propia o bajo la dependencia o al servicio de Entidades o particulares que se relacionen directamente con las que desarrolle el Departamento, Organismo o Entidad donde estuviera destinado".

Igualmente, o artigo Doce, dispón que:

1. En todo caso, el personal comprendido en el ámbito de aplicación de esta Ley no podrá ejercer las actividades siguientes:

a) El desempeño de actividades privadas, incluidas las de carácter profesional, sea por cuenta propia o bajo la dependencia o al servicio de Entidades o particulares, en los asuntos en que esté interviniendo, haya intervenido en los dos últimos años o tenga que intervenir por razón del puesto público.

Se incluyen en especial en esta incompatibilidad las actividades profesionales prestadas a personas a quienes se esté obligado a atender en el desempeño del puesto público.

b) La pertenencia a Consejos de Administración u órganos rectores de Empresas o Entidades privadas, siempre que la actividad de las mismas esté directamente relacionada con las que gestione el Departamento, Organismo o Entidad en que preste sus servicios el personal afectado.

c) El desempeño, por sí o por persona interpuesta, de cargos de todo orden en Empresas o Sociedades concesionarias, contratistas de obras, servicios o suministros, arrendatarias o administradoras de monopolios, o con participación o aval del sector público, cualquiera que sea la configuración jurídica de aquéllas.

d) La participación superior al 10 por 100 en el capital de las Empresas o Sociedades a que se refiere el párrafo anterior.

2. Las actividades privadas que correspondan a puestos de trabajo que requieran la presencia efectiva del interesado durante un horario igual o superior a la mitad de la jornada semanal ordinaria de trabajo en las Administraciones Públicas sólo podrán autorizarse cuando la actividad pública sea una de las enunciadas en esta Ley como de prestación a tiempo parcial."

Igualmente, o artigo Catorce, parágrafo terceiro, dispón que "Los reconocimientos de compatibilidad no podrán modificar la jornada de trabajo y horario del interesado y quedarán automáticamente sin efecto en caso de cambio de puesto en el sector público".

Por último, o apartado primeiro do artigo Dezaseis, establece que:

"No podrá autorizarse o reconocerse compatibilidad al personal funcionario, al personal eventual y al personal laboral cuando las retribuciones complementarias que tengan derecho a percibir del apartado b) del artículo 24 del presente Estatuto incluyan el factor de incompatibilidad al retribuido por arancel y al personal directivo, incluido el sujeto a la relación laboral de carácter especial de alta dirección."

Á súa vez, a Disposición transitoria novena, da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, regula Complemento específico e recoñecemento de compatibilidade para o exercicio de actividades privadas mentras non se introduza o complemento do posto de traballo, establecendo no seu apartado 2:

"2. En tanto no se produzca la sustitución del complemento específico mencionado en el apartado anterior por el complemento de puesto de trabajo previsto por la presente ley, podrá reconocerse, conforme a lo dispuesto en la normativa sobre incompatibilidades que resulte de aplicación, compatibilidad para el ejercicio de actividades privadas al personal que desempeñe puestos de trabajo que comporten la percepción de complemento específico o concepto equiparable, siempre que su cuantía no supere el treinta por ciento de su retribución básica, excluidos los conceptos que tengan su origen en la antigüedad.

En el supuesto de que la cuantía de tal complemento supere el treinta por ciento referido, podrá concederse la compatibilidad siempre y cuando la persona interesada renuncie a la percepción del complemento específico o concepto equivalente."

Pola súa parte, as aínda vixentes "Instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos autónomos (publicadas no Boletín Oficial de Provincia de Pontevedra, do martes 16 de novembro de 2010), recollen que:

"Todos os postos desempeñanse en réxime de "dedicación exclusiva", excepto aqueles aos que a Xunta de Goberno Local lles autorice a compatibilidade e conste así na relación de postos de traballo, segundo disposto no art. 127 da Lei 7/85, na súa

redacción dada pola Lei 57/2003."(O artigo catorce da LIPSAP recoñécelle a competencia ao Pleno da Corporación Local).

"Os funcionarios dos subgrupos A1 e A2 de titulación que perciban o complemento de dedicación exclusiva en contía superior ao 30 % do seu soldo, excluída antigüidade, estarán en situación de dispoñibilidade plena ao servizo da Corporación, o cal implica a máxima observancia e o estrito cumprimento da normativa vixente en materia de incompatibilidades, esixible a todo o persoal municipal nos termos do disposto nas vixentes instrucións."

Merece especial mención ao caso a STS 1.684/2019, de data 05/12/2019, ditada en casación no procedemento 2454/2017, e no que se entra a valorar se:

"(...)Si la percepción por parte de los empleados públicos de complementos específicos, o concepto equiparable, que incluyan, entre los componentes que remuneran, el factor de incompatibilidad impide, en todo caso y con independencia de la cuantía de aquellas retribuciones complementarias, reconocerles la compatibilidad para el ejercicio de actividades privada.

O si, por el contrario, podrá otorgarse aquel derecho, aun remunerándose también el factor de incompatibilidad en esas retribuciones complementarias, cuando la cuantía de éstas no supere el 30 por 100 de las retribuciones básicas, excluidos los conceptos que tengan su origen en la antigüedad."

No es lo mismo "especial dificultad técnica" que "incompatibilidad exigible para el desempeño de determinado puesto de trabajo" o "las condiciones en el que se desarrolla el trabajo" o "nivel de representatividad". La asignación de un complemento específico por un motivo concreto ha de identificar su razón de ser en la correspondiente Relación de Puestos de Trabajo para poder ser calificado como factor de incompatibilidad.(...).

A la vista de lo establecido en la Ley 53/1984 la percepción por parte de los empleados públicos de complementos específicos, o concepto equiparable, que incluyan expresamente entre los componentes que remuneran, el factor de incompatibilidad impide, en todo caso y con independencia de la cuantía de aquellas retribuciones complementarias, reconocerles la compatibilidad para el ejercicio de actividades privadas.

Puede otorgarse el derecho a la compatibilidad cuando la cuantía de las retribuciones complementarias no supere el 30 por 100 de las retribuciones básicas, excluidos los conceptos que tengan su origen en la antigüedad y de superarse debe estarse a lo establecido en el Real Decreto Ley 20/2012 de 13 de julio y el Acuerdo del Consejo de Ministros de 16 de diciembre de 2011 en el ámbito de la Administración General del Estado y lo que puedan establecer leyes de función pública autonómica."

Interpreta o Supremo que conforme á LIPSAP, a percepción por parte dos empregados públicos de complementos específicos ou concepto equiparable, que inclúan expresamente entre os compoñentes que remuneran o factor incompatibilidade, impide, en todo caso e con independencia da contía de aquela retribucións complementarias, o recoñecemento de compatibilidade para o exercicio de actividades privadas.

E a sensu contrario, podería recoñecerse cando eses complementos non superen o 30% das retribucións básicas, excluídos os conceptos de antigüidade, e no caso de superarse, sempre que se proceda á súa redución.

-Aplicación ao caso concreto.

No suposto concreto, o empregado que solicita a compatibilidade foi nomeado, tal e como consta nos antecedentes, como persoal eventual, para posto de asesor (coas funcións expresamente atribuídas a esta tipo de persoal polo artigo 12 do TREBEP).

Segundo o recollido na documentación incorporada ao expediente, a actividade privada para a que se solicita a compatibilidade (speaker-animador dos partidos do Real Club Celta de Vigo) sería inferior a 60 horas ao ano (sobre 6 horas ao mes durante a tempada futbolística), a realizar principalmente nas fins de semana, e de maneira ocasional no medio da semana en horario de tarde, polo que se realizaría en todo caso fóra da xornada establecida para o desempeño das súas funcións nesta administración e sen que se vise afectado o seu horario de traballo.

A media salarial bruta declarada que lle correspondería por tempada na realización da segunda actividade serían sobre 3000 euros (3.750,00 euros anuais, segundo a declaración do interesado referida aos últimos cinco exercicios fiscais).

Do suposto analizado, e conforme toda a normativa exposta, o pretendido na solicitude non suporía a conculcación dos límites porcentuais e das retribucións brutas anuais establecidas legalmente, cumprindo así mesmo a compatibilidade coa xornada e horario de traballo, nin menoscabado o cumprimento dos seus deberes como persoal eventual, polo que se entende que non habería inconvinte en recoñecer a compatibilidade do desenvolvemento da actividade pretendida, sempre que se realice nos termos declarados e se axuste estritamente ao establecido no marco normativo rector do réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo das Entidades Locais e ás condicións establecidas no acordo de autorización da compatibilidade.

-Órgano competente

A competencia para o outorgamento ou denegación da autorización da compatibilidade solicitada corresponde ao Pleno da Corporación, segundo establece o artigo 9 da mencionada Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Á vista do exposto, proponse ao órgano competente a seguinte.../...

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Seguridade, Contratación. Festas e Xestión Municipal, na sesión extraordinaria e urxente do 20 de febreiro de 2024, ditaminou favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con vinte e dous (22) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (18), señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, mais (4) dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Garrido Valenzuela, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

"PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de compatibilidade presentada por D^o. David Lorenzo Fontán, con DNI ***5166**, nomeado como persoal eventual con posto de asesor, coa actividade de animador (*speaker*) nos partidos do primeiro equipo do Real Club Celta de Vigo SAD que se disputen no estadio municipal de Balaídos, quedando sen efecto automaticamente no suposto en que se modifiquen algunhas das circunstancias nas que se fundamenta a presente autorización.

SEGUNDO.- A autorización non poderá conlevar diminución da xornada normal de traballo, nin afectar ao seu horario, nin superar as retribucións brutas anuais por ambos dous postos dos límites reseñados.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, e ao Grupo Municipal do Partido Popular, indicándosele que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito."

5.-(21). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLO QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DESTE CONCELLO DE VIGO E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO ADMINISTRATIVO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2023. EXPTE. 274/143 (EXPTE. PLENO 4265/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 7 de febreiro, que di o que segue,

"En uso das facultades que me confire a normativa vixente en materia de Réxime Local (Art. 191.3 do TRLRFL e 90.1 del R.D. 500/1990), vistos os informes emitidos e a proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda , en cumprimento do previsto no artigo 192 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, tramítase a Liquidación do Orzamento da Entidade Local correspondente ao ano 2023 e incorpórase a Liquidación do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo así como os datos correspondentes ás Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación.

A Liquidación queda conformada polas institucións que conforman en termos do previsto nos artigos 166 e 192 do TRLRFL o perímetro de Consolidación, aínda que o mesmo sexa distinto do previsto no artigo 2 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e o SEC-2010, onde queda engadido dentro do Perímetro de Consolidación a Fundación MARCO e a Fundación CONVENTION BUREAU

O ámbito subxectivo da Liquidación está conformado por:

Entes con orzamento limitativo:

Entidade Local.

Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo.

Entes sectorizados pola Intervención Xeral do Estado, contabilidade empresarial:

Fundación MARCO.

Fundación CONVENTION BUREAU.

En relación coa Liquidación do Grupo, as magnitudes de interese son as que se relacionan:

Magnitude	Entidade	Consolidados
Resultado orzamentario axustado	32.763.839,24	33.002.874,30
Aforro Neto Legal	39.365.762,44	39.868.359,91
Remanente Tesourería para G. Xerais	140.967.988,12	157.796.005,27
Tesourería	164.670.195,99	188.065.680,74
Obrigas pendente de pago orzamt. (Corr+pecha.)	8.740.126,78	9.079.239,95
Acredores pendentes non orzamentarias	17.076.845,91	17.920.055,15
Dereitos pendentes cobro orzamt.(Corr+pecha	50.635.021,35	52.599.039,19
Dotación saldos dubidoso cobro	35.243.979,34	36.706.435,05
Debedores pendentes non orzamentarios	1.116.939,56	1.147.362,31
Saldo pendente de devolución ingresos	1.103,13	1.224,10
Remanentes de crédito	105.865.160,46	114.868.572,29

Estabilidade Orzamentaria Grupo SEC-2010

Institución	Ingresos	Gastos	AXUSTES			Capac./neces.
	N. Financeiros	N Financeiros	Conta 413	PTE+Liq. 2020	Cap (1,2,3)	
ENTIDADE	293.611.995,08	-296.335.690,80	1.581.182,91	11.917.037,47	-3.406.486,38	7.368.038,28
Org. Aut.XMU	14.073.116,96	-9.083.898,99	,00	-6.210.182,14	52.081,17	-1.168.883,00
F. MARCO	1.181.424,02	-1.171.975,98	,00	,00		9.448,04
F. C. Bureau	717.733,00	-700.933,60	,00	,00		16.799,40
Total	309.584.269,06	-307.292.499,37	1.581.182,91	5.706.855,33	-3.354.405,21	6.225.402,72

Regra de Gasto Grupo SEC-2010

Institución	Liqu. 2022	Liqu.2022	Liqu.2023	Axustes	Liqu.2023	Variación
	(1)	+ TRCPIB (2)	(3)	(4)	Axust. (5)	(5) - (2)

ENTIDADE	247.670.021,67	247.670.021,67	296.335.690,80	-39.959.270,78	256.376.420,02	8.706.398,35
Org. Aut.XMU	5.372.210,15	5.372.210,15	9.083.898,99	-1.280.427,95	7.803.471,04	2.431.260,89
F. MARCO	984.260,31	984.260,31	1.170.286,22	,00	1.170.286,22	186.025,91
F. C. Bureau	450.774,81	450.774,81	700.933,60	,00	700.933,60	250.158,79
Total	254.477.266,94	254.477.266,94	307.290.809,61	-41.239.698,73	266.051.110,88	11.573.843,94

Variación do gasto non financeiro 2022-2023: 4,55%

Fluxos de tesourería dos entes con orzamento limitativo (Entidade máis Xerencia de Urbanismo)

Concepto	Entidade	Consolidado
Saldo inicial de tesourería	163.961.719,08	182.551.226,45
Cobros Orzamentarios corrente e pechados	290.988.636,82	299.054.554,95
Pagos Orzamentarios corrente e pechados	-293.794.292,86	-296.971.187,74
Cobros non Orzamentarios	59.744.967,26	83.221.880,24
Pagos non Orzamentarios	-59.371.889,13	-82.956.469,32
Ingresos pendentes de aplicación	3.820.485,92	3.845.107,26
Variación entre Saldo Inicial e final das 575	-679.431,10	-679.431,10
Variación neta	708.476,91	5.514.454,29
Saldo final	164.670.195,99	188.065.680,74

Período medio de pago mensual do grupo

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2023												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	18,94	14,72	11,56	12,24	10,33	13,66	10,81	9,85	9,41	9,29	7,81	7,27
MARCO	5,14	6,17	9,53	5,49	13,21	11,12	8,38	13,46	18,69	16,84	3,92	10,16
XMU	16,79	11,76	4,63	8,16	8,72	5,78	6,96	4,88	5,81	11,04	17,67	8,17
V. C.BUR.	7,10	6,88	5,74	5,08	7,18	4,81	4,84	4,21	6,66	4,13	3,92	6,82
PMP Global	18,81	14,67	11,51	12,19	10,32	13,55	10,71	9,84	9,41	9,33	7,94	7,29

Endebemento grupo

$\% \text{ Endebemento} = (\text{Débeda financeira bancaria pendente de amortizar} / \text{Dereitos Liquidados por operacións correntes do estados consolidados}) * 100.$

En relación co endebemento, a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira no seu artigo 13 establece a obriga de non pasar o límite de débeda pública que se estableza en relación co PIB. Para os anos 2020-2023, están suspendidas o cumprimento das variables fiscais.

Non se estableceu unha equivalencia do citado límite de débeda en termos de ingresos non financeiros ou outra variable que permita o seu cálculo de forma individual para cada entidade, polo resulta de aplicación o límite que establece o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais no seu artigo 53, que o fixa no 110% dos ingresos correntes liquidados, considerando para o seu cálculo o disposto na Disposición final trixésimo primeira da LPGE para 2013.

Dereitos Liquidados axustados por operacións correntes dos estados consolidados unha vez feitos os axustes correspondentes aos ingresos non recorrentes e as contribucións especiais: 272.264.663,44 euros.

Débeda bancaria pendente de amortizar a 31/12/2023: 0 euros.

Coeficiente de endebedamento a 31/12/2023, 0%.

Cumprimentos

Durante o exercicio 2023, da información mensual que se achega dos entes que conforman o perímetro de consolidación, deuse cumprimento ao PMP, resultando unha media para o grupo de 9,98 días, calculado segundo o previsto no Real Decreto 635/2014, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, do que se achega un estado informativo no expediente.

Hai cumprimento dentro das sendas previstas, dos obxectivos fiscais, taxa de referencia. Hai superávit

Hai aforro neto positivo, calculado nos termos que establece o artigo 53 do TRLRFL.

Hai Remanente Líquido de Tesourería para gastos Xerais positivo.

Hai Resultado Orzamentario positivo.

Non hai endebedamento con ningunha entidade financeira.

A senda do gasto non financeiro creceu nun 4,55% en relación co ano 2022.

Os Remanentes de crédito que cumpran os requisitos legais regulamentados no artigo 182 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, serán obxecto de incorporacións de crédito ao orzamento do ano 2024, para o que se tramitará o preceptivo expediente de modificación orzamentaria con suxeición ao previsto no TRLRFL e Bases de Execución do Orzamento.

Da Liquidación do Orzamento do grupo de consolidación darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre en cumprimento do previsto no artigo 193.4 do TRLRFL. Así mesmo, en execución do previsto no art. 193.5 do TRLRFL, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma antes de que finalice o mes de marzo de acordo os procedementos de remisión telemática que están previstos.

En relación cos prazos de remisión, estarase ao previsto na LOEPSF e a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, quedando establecido o calendario na Disposición Final SEXTA das Bases de Execución do Orzamento.

Vista a proposta que formula o Sr. Concelleiro Delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda,

R E S O L V O:

PRIMEIRO.- Aprobar a Liquidación do Orzamento da Entidade Local Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e do Grupo de consolidación, proposta polo Órgano competente, correspondente ao exercicio 2023 cos estados que forman parte do expediente de Liquidación da Entidade Local e do Organismo Autónomo, que reproducen toda a documentación que regula a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, incorporando a esta Resolución as magnitudes máis importantes que resumen a totalidade da xestión económica e financeira da Entidade, do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente e das Fundacións sectorizadas ao longo do ano 2023, conformada pola Entidade Local, o Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU.

SEGUNDO.- En cumprimento do previsto no artigo 193.4 do TRLRFL, dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre.

TERCEIRO.- En cumprimento do previsto no artigo 193.5 do TRLRFL, remitir copia do expediente á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma antes de que finalice o mes de marzo de acordo os procedementos de remisión telemática que están previstos.

CUARTO.- En relación coa información a enviar ao Ministerio de Hacienda, estarase aos prazos previstos na LOEPSF e a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e na Disposición Final SEXTA das Bases de Execución do Orzamento."

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria de 19 de febreiro quedou enterada.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución da Alcaldía polo que se aproba a Liquidación do Orzamento deste Concello de Vigo e do seu organismo autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo. O Pleno queda enterado.

.- **Incidencia. Neste intre, en cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Sra. Presidenta da sesión, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero, 56 no 2023 e 3 no que vai deste 2024.*

.- **Incidencia. Sendo as 09:50 h., auséntanse da sesión plenaria Abandonan o Salón de Plenos, o Alcalde-Presidente, Sr. Caballero Alvarez e a concelleira Primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, do grupo municipal Socialista. Continúa o debate e votación dos asuntos*

incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e dous (23) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e de feito,

MOCIÓNS:

6.-(22). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO ESIXIRLLE Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE OS INVESTIMENTOS NECESARIOS PARA A SUBSTITUCIÓN DE TODAS AS CALDEIRAS MÁIS ANTIGAS DOS CENTROS ESCOLARES VIGUESES POR UNHAS DE MAIOR EFICIENCIA ENERXÉTICA. EXPTE. PLENO 4286/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de febreiro de 2024, número 4286/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suarez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A OCDE define os "espazos educativos" como "aqueles espazos físicos que aloxan diversas pedagogías e programas de ensino e aprendizaxe, mesmo tecnoloxías actuais; un espazo que demostra rendemento e funcionamento óptimos e rendibles ao longo do tempo; que respecta e está en harmonía co medio ambiente; e que anima á participación social, proporcionando un ambiente sa, cómodo, seguro, protexido e estimulante para os seus usuarios".

A maioría dos centros escolares vigueses, como o resto de centros educativos galegos, son edificacións que foron construídas na súa maioría entre as décadas dos anos 60 e 80.

Son construcións que tanto polo seu tamaño como polo seu uso teñen elevados consumos internos en calefacción e electricidade.

E que ademais foron executados baixo uns estándares de eficiencia enerxética e envolvente térmica que necesitan ser mellorados para poder aumentar o confort interno dos usuarios.

Moitos dos centros educativos da nosa cidade contan con aquelas primeiras caldeiras de gasóleo instaladas que teñen moi baixo rendemento e xeneran moitos problemas.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

- Esixirlle á Consellería de Cultura, Educación e Universidade os investimentos necesarios para a substitución de todas as caldeiras máis antigas dos centros escolares vigueses por unhas de maior eficiencia enerxética."*

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

**.- Incidencia. Sendo as 10:08 h., auséntanse da sesión plenaria o Sr. Aneiros Pereira, concelleiro do grupo municipal Socialista, Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e dous (22) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e de feito,*

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes (22) da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e feito, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.02.2024 (Rex. Nº 4286/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suarez, "instando esixirlle á Consellería de Cultura, Educación e Universidade os investimentos necesarios para a substitución de tódalas caldeiras máis antigas dos centros escolares vigueses por unhas de maior eficiencia enerxética", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

7.-(23). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A DECRETAR A GRATUIDADE DOS APARCADOIROS DO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO, PERTENCENTES AO SERGAS, AO IGUAL QUE É GRATUÍTO O CONSTRUÍDO POLO CONCELLO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 4287/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de febreiro de 2024, número 4287/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Desde a posta en funcionamento do Hospital Alvaro Cunqueiro, este Pleno veu reclamando de forma reiterada a gratuidade do aparcadoiro dese hospital tanto para os traballadores do centro como para os usuarios.

Desde o goberno da Xunta de Galicia non se atendeu esta petición que supón, para os usuarios un copagamento á sanidade.

Nove anos despois o beneficio para a Concesionaria segue sendo cuantioso. Practicamente a totalidade da poboación de Vigo acudimos nalgunha ocasión a este centro sanitario e vímonos na obrigaón de ter que abonar o importe do aparcadoiro.

O único alivio nesta situación foi a construción, por parte deste Concello, dun aparcamento de 400 prazas. Tamén solicitamos da Consellería de Sanidade a cesión da Parcela 5 do complexo hospitalario, para construír un novo aparcamento por parte do Concello, solicitude que non foi atendida.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS

- *Instar á Xunta de Galicia a decretar a gratuidade dos aparcamentos do Hospital Alvaro Cunqueiro, pertencentes ao SERGAS, ao igual que é gratuíto o aparcamento construído polo Concello.*
- *Instar á Xunta de Galicia á cesión ao Concello de Vigo, de forma gratuíta ou por adquisición, da Parcela 5 do Complexo Hospitalario ao obxecto de construír un novo aparcamento para utilización gratuíta por traballadores e usuarios do Hospital Alvaro Cunqueiro."*

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezoito votos (18) a favor dos membros do grupo municipal Socialista (15), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, e catro votos (4) en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.02.2024 (Rex. Nº 4287/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, "*instando á Xunta de Galicia a decretar a gratuidade dos aparcadoiros do Hospital Álvaro Cunqueiro, pertencentes ao SERGAS, ao igual que é gratuíto o construído polo Concello e outros acordos complementarios*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

MOCIÓNS.

8.-(24). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A UTILIZAR OS REMANENTES MUNICIPAIS PARA A ATENCIÓN DAS NECESIDADES REAIS DA CIDADE. EXPTE. PLENO 4281/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de febreiro de 2024, número 4281/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

"PARA UTILIZAR OS REMANENTES MUNICIPAIS PARA A ATENCIÓN DAS NECESIDADES REAIS DA CIDADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Vigo concluíu o exercicio fiscal 2023 cun remanente líquido de tesourería por acima dos 213 millóns de euros, tal e como se recolle na conta xeral aprobada pola Xunta de Goberno Local. Trátase dunha inxente cantidade de recursos que teñen orixe na inexecución estrutural e record dos sucesivos orzamentos municipais e, xa que logo, do reiterado incumprimento dos compromisos do Goberno

municipal de Abel Caballero e a desatención das necesidades reais das viguesas e dos vigueses. Non é aforro, nin eficiencia, é a demostración obxectiva e palpábel da incapacidade do actual executivo local e da súa xestión de inercia e desleixo. Son recursos achegados polas viguesas e vigueses que pola falla de acción do Goberno municipal non retornan, en formade políticas públicas, á cidadanía.

O máis que previsíbel levantamento da suspensión das regras fiscais no vindeiros meses supón unha ameaza real de que eses recursos da cidade acaben novamente incautados e inmovilizados.

É preciso, pois, poñer en marcha os mecanismos orzamentarios para a incorporación deses remanentes e a súa utilización en favor do interese público xeral, alargando e fortalecendo os servizos públicos municipais, enfrontando o grave problema do acceso á vivenda e o empobrecemento social, promovendo o emprego e apoiando ao comercio de proximidade, revertendo as políticas de desertización cultural e de maltrato ao deporte vigués, despregando esforzos reais para avanzar na protección ambiental e combater os efectos da situación de emerxencia climática e, tamén, poñendo fin ao deliberado abandono que padecen os barrios e parroquias.

Urxe facelo coa maior celeridade para posibilitar a execución das actuacións que se vaian financiar a cargo deste crédito extraordinario evitando seguir alimentando a bola de neve que nos últimos anos provocou unha acumulación sen precedentes de recursos sen gastar.

Polo que, a través desta moción, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS: Instar o Goberno municipal a iniciar coa maior axilidade o procedemento para a incorporación nos orzamentos municipais de, como mínimo, 100 millóns de euros dos remanentes líquidos de tesourería dispoñíbeis no Concello para os destinar a, entre outros, os seguintes usos e aplicacións:

- 1. Creación e posta en marcha dunha Axencia Local de Vivenda Protexida e Social, como instrumento para a promoción directa por parte do Concello de Vigo de vivenda a prezos asequíbeis nomeadamente para alugueiro social e o apoio ao cooperativismo de vivenda. 25 millóns de euros.*
- 2. Posta en marcha dunha Estratexia Local contra a Pobreza e o Empobrecemento que inclúa, entre outras medidas, a creación dunha Renda Social Municipal, compatíbel con outros recursos asistenciais. 10 millóns de euros.*
- 3. Aumentar a dotación do Plan Municipal de Emprego. 3 millóns de euros.*
- 4. Despregar, coa participación directa do movemento veciñal na súa definición, un Programa Plurianual e Extraordinario de Investimentos para a Atención de todos os Barrios e Parroquias (PLAN CIDADE), para os vindeiros tres exercicios. 20 millóns de euros (primeira anualidade).*
- 5. Rehabilitar a antiga fábrica da Compañía Viguessa de Pinturas, de titularidade municipal, para a súa conversión na Fábrica Cultural de Teis, como un espazo destinado á promoción da creación artística na cidade. 1,5 millóns de euros.*

6. Desenvolver a Rede municipal de bibliotecas de barrios e parroquias abrindo 5 novas bibliotecas (con fondos e persoal bibliotecario) en Teis, Valadares, Navia, Coia e Lavadores. 5,5 millóns de euros.

7. Apertura dous novos Centros de Información ás Mulleres en Coia e Teis. 2 millóns de euros.

8. Posta en marcha dun programa de mellora da infraestrutura e equipamento das instalacións deportivas municipais. 3,5 millóns de euros.

9. Reapertura dos espazos xuvenís Súbete ó Castro e Punto Xove, así como recuperación de servizos na Casa da Xuventude e dinamización do Vigosónico. 1,5 millóns euros.

10. Programa de axudas para a prevención dos incendios, reforestación e valorización do monte comunal, que inclúa entre outras accións a execución do anel verde impulsado pola Mancomunidade de Monte sen Man Común. 8 millóns de euros.

11. Plan Municipal de resposta á emerxencia climática. 3 millóns de euros.

12. Creación de 5 novas escolas infantís municipais, para a súa entrada e funcionamento o curso 2024-2025, en Balaídos, Calvario, Teis, Navia e Centro. 6,5 millóns de euros.

13. Apertura de 2 novos centros cívicos municipais nos barrios do Calvario e Navia. 1,5 millóns de euros.

14. Despregamento dun Plan integral de impulso do comercio polo miúdo e de proximidade de Vigo. 4 millóns de euros.

15. Axudas aos centros educativos públicos da cidade para a mellora da infraestrutura escolar, patios e espazos deportivos. 5 millóns de euros."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con tres (3) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; catro (4) abstencións dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Garrido Valenzuela, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e quince (15) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 20.02.2024 (Rex. Nº 4281/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, "Para utilizar os remanentes municipais para a atención das necesidades reais da cidade" cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

9.-(25). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A ENTRADA EN PRISIÓN DO EX ALCALDE PEDÁNEO DE BEMBRIVE, POLOS DELITOS DE PREVARICACIÓN, FALSIDADE DOCUMENTAL E MALVERSACIÓN DE FONDOS PÚBLICOS. EXPTE. PLENO 4279/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de febreiro de 2024, número 4279/1101, os concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, Sras e Sres., Garrido Valenzuela, Sánchez Méndez, González Abeijón e Martín Peña, formulan a seguinte,

"MOCIÓN

"A entrada en prisión do ex alcalde pedáneo de Bembrive Roberto Ballesteros logo de ser condenado a dous anos e dous meses de cárcere polos delitos de prevaricación, falsidade documental e malversación de fondos públicos é o último capítulo, se cadra non o derradeiro, dunha trama de corrupción política asentada nesta entidade local menor e que tamén salpicou a outro alcalde pedáneo, Marcos Castro, no seu caso inhabilitado por prevaricación.

Xa que logo os dos últimos alcaldes pedáneos de Bembrive tiveron que pasar pola xustiza e ambos os dous foron condenados. O primeiro deles, Roberto Ballesteros, a 26 meses de cárcere por inventarse unha obra na parroquia que nunca existiu e poder emitir así unha factura que el mesmo firmou para o seu pago desoíndo os reparos de legalidade do secretario-interventor.

No caso de Marcos Castro, os tribunais inhabilitárono a doce anos para o desempeño de cargo público por conceder a dedo a festa da sidra de Bembrive nos anos 2019 e 2020, saltándose así o procedemento legal establecido e atentando contra os principios de transparencia, libre concorrència e igualdade de oportunidades.

A maiores, cómpre sinalar que a Entidade Local Menor de Bembrive conta con presupostos prorrogados dende o ano 2014, logo de que as contas de 2015 foran tumbadas polos tribunais por non seren tramitadas de acordo co procedemento legal. Dende aquela o goberno da Pedanía leva prorrogando incomprensiblemente os seus orzamentos a pesar de que o Partido Socialista conta con maioría para poder aprobalas conforme a lei. E por se isto fose pouco, a maiores non presenta as súas contas dende o exercicio do 2018, como é a súa obriga.

Todo isto dá a entender que na xestión da entidade Local Menor de Bembrive hai moitas máis sombras que luces, e, dende logo, moitas preguntas que requiren de resposta máis aló do ditaminado nas sentenzas xudiciais.

ACORDOS:

- 1 Crear, de acordo ao previsto no artigo 35 do Regulamento Orgánico do Pleno, unha Comisión Especial de Investigación que permita coñecer en detalle o sucedido e que se depuren as responsabilidades políticas daquelas persoas implicadas.*

- 2 *Que se audite de xeito externo e independente as contas da Entidade Local Menor de Bembrive dende o ano 2014, último exercicio que contou con orzamentos aprobados de xeito legal.*
- 3 *Que o goberno local presente unha demanda nos xulgados como prexudicado para reclamar a reintegración de todos os cartos subtraídos polos condenados.*
- 4 *Solicitar da secretaria-interventora da Entidade Local Menor de Bembrive un informe sobre todos os reparos de legalidade realizados dende o 2014, último ano en que esta entidade conta cun presuposto legalmente aprobado."*

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con catro (4) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular (3), señoras e señores, Garrido Valenzuela, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, tres abstencións dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas; e quince (15) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 20.02.2024 (Rex. Nº 4279/1101), polos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, Sras e Sres. Garrido Valenzuela, Sánchez Méndez, González Abeijón e Martín Peña, "sobre a entrada en prisión do ex alcalde pedáneo de Bembrive, polo delitos de prevaricación, falsidade documental e malversación de fondos públicos", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

RESOLUCIÓNS.

10.-(26). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DITADAS ENTRE O 22/01/24 E O 18/02/24, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1637/1102 (EXPTE. PLENO 4284/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 22/01/24 e o 18/02/24, incluídas no expediente 1637/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

11.-(27). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 22/01/24 E O 18/02/24, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1638/1102 (EXPTE. PLENO 4285/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre o 22/01/24 e o 18/02/24, incluídas no expediente 1638/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

12.-(28). DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA, DE DATA 8.02.24, DE DELEGACIÓN NO CONCELLEIRO DELEGADO DE FOMENTO E SERVIZOS, TÓDALAS ATRIBUCIÓNS NECESARIAS NO PROCESO DE SELECCIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS COMO SEDE NA CANDIDATURA DA RFEF AO MUNDIAL DE FÚTBOL DA FIFA DE 2030. EXPTE. 1134/1102 (EXPTE. PLENO 4273/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta do Decreto da Alcaldía, de data 8.02.24, que di o que segue,

"Por Resolución da Alcaldía de data 19 e 29 de xuño de 2019 determinouse a estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias para o período 2023-2027. Conforme dita Resolución atribuíuse ao Segundo Tenente de Alcalde e concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos as competencias municipais en materia de fomento; entre outras obras públicas; planificación e execución de infraestruturas urbanas; obras e servizos de mantemento necesarios no Estadio Municipal de Balaídos, agás os xestionados pola concellería de deportes.

Así mesmo por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22.06.2023 delegouse na Concellería de Área de Goberno de Fomento e Servizos en materia de fomento a facultade de outorgar a autorización de uso e concesión de licenza de actividades recreativas ou espectáculos públicos de carácter extraordinaria que se celebren no Estadio Municipal de Balaídos.

O pasado 4 de outubro a FIFA anunciou a decisión de que a candidatura única para a Copa Mundial da FIFA 2030 sería a candidatura conxunta de España, Portugal e Marruecos sendo de interese do Concello de Vigo a participación no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede no proxecto de candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030.

O interese xeral do proxecto para a cidade e o carácter transversal do mesmo aconsellan a realización dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia, en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais segundo o artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVE

PRIMEIRO.- Delegar no Concelleiro Delegado de Fomento e Servizos, D. F. Javier Pardo Espiñeira todas as atribucións precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento da totalidade das actuacións municipais necesarias no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030.

SEGUNDO.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, así como na rede Intranet ao obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas

TERCEIRO.- Notificar ao Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado de Área de Goberno de Fomento e Servizos.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento”

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do Decreto da Alcaldía, de data 8.02.24. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

13.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

13.1.-(29) Rogo formulado polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. *Que se informe de se hai risco de que se perdan fondos europeos polo atraso na tramitación e inicio das obras proxectadas para o desenvolvemento dos terreos da antiga ETEA.*

13.2.-(30) Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. *Que se nomee canto antes ao novo cronista oficial de Vigo, logo de que este posto leve baleiro dende hai un ano, despois do pasamento de Ceferino de Blas.*

14. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

14.1.-(31) Pregunta formulada pola concelleira do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. *¿Cando vai informar o Goberno Municipal de que a Oficina Nacional de Avaliación, dependente do Ministerio de Economía, declinou oficialmente emitir o informe solicitado polo Concello de Vigo sobre o reequilibrio económico da concesión do bus urbano na cidade e da situación da tramitación municipal do referido reequilibrio e unha eventual nova indemnización a Vitrasa?*

14.2.-(32) Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. *¿Que pasos vai dar este concello ante o informe preceptivo da Comisión Nacional do Mercado da Competencia sobre a falta de madurez do proxecto de moi alta tensión para Stellantis?*

ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario febreiro 2024
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Lunes, 26 de Febrero de 2024 09:12:38
Fecha Fin : Lunes, 26 de Febrero de 2024 11:18:02
Duración : 02:05:24

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3427

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 1.6 GiB

Url -

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/XtS2f3fTsKqF13TeVerpRM5GNYuwphZBcqUdQQkInredPsJh.wmv>

SHA512 - 415e4bc9dd4869701c1d6de76fb0db9d35f2509a21a836626c29d0ff0dfa776721d1fec9408247d3854c15c2b7e63f0ecd4b54d689141c6dba543a0bca1f0c6b

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 749 MiB

Url -

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/bctnQQaZmt84KQiHo7t6T8MWMu94KdoVz0zBilvhqXBS6Yqy.mp4>

SHA512 - dae714a1c761038e744af0a026d635d47ae0169a15a477f100bd30ac90bb84afce2378245132be6d868deff752d18ee3d6141841ecf452f31ced1e916fb1fe1b

- Minutaje

-
- 00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Manuel; Iglesias López, Patricia; Fernandez-Tapias Nuñez, Marta; Garrido Valenzuela, Irene; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; Martín Peña, José Miguel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.
- 00:00:52 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:01:27 : 1. Actas anteriores: Extraordinaria do 22.01, ordinaria do 29.01 e extraordinaria do 12.02.2024.
- 00:01:43 : 2. Declaración Institucional do Pleno do Concello de Vigo polo día Mundial das Enfermidades Raras e Crónicas 2024. Expte. Pleno 4277/1101.
- 00:02:05 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
- 00:05:09 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:05:16 : 3. Toma de coñecemento da renuncia ao cargo de concelleira presentada por D^a Marta Fernández-Tapias Nuñez, pertencente ao grupo municipal do Partido Popular (Rexistro Pleno 4280/1101).

00:05:47 : 4. Proposta de compatibilidade para actividade privada do Sr. Lorenzo Fontán, persoal eventual ao servizo do Concello de Vigo Expte. 43629/220. (Expte. Pleno 4283/1101).

00:06:12 - Votación [9:18:50]

00:06:47 : 5. Dar conta da Resolución da Alcaldía polo que se aproba a Liquidación do Orzamento deste Concello de Vigo e do seu organismo autónomo administrativo da Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondente ao exercicio 2023. Expte. 274/143 (Expte. Pleno 4265/1101)

00:07:11 - Aneiros Pereira, Jaime

00:12:41 - Caballero Álvarez, Abel

00:12:49 - -Pausa do pleno-

00:22:09 - -Reanudación do pleno-

00:22:25 - Caballero Álvarez, Abel

00:22:54 - Pérez Iglesias, Xabier

00:23:00 - Caballero Álvarez, Abel

00:23:22 - Pérez Iglesias, Xabier

00:28:01 - Caballero Álvarez, Abel

00:28:06 - Sanchez Mendez, Luisa María

00:30:35 - Caballero Álvarez, Abel

00:30:40 - Aneiros Pereira, Jaime

00:33:45 - Caballero Álvarez, Abel

00:34:01 - -Minuto de silencio en memoria das vítimas de violencia machista-

00:35:33 : 6. Moción do grupo municipal Socialista instando esixirlle á Consellería de Cultura, Educación e Universidade os investimentos necesarios para a substitución de todas as caldeiras máis antigas dos centros escolares vigueses por unhas de maior eficiencia enerxética. Expte. Pleno 4286/1101.

00:36:00 - Alonso Suarez, María Olga

00:41:09 - Espinosa Mangana, Elena

00:41:17 - Abalde Comesaña, Filipe

00:45:50 - Espinosa Mangana, Elena

00:45:58 - Gonzalez Abeijón, Fernando

00:49:35 - Espinosa Mangana, Elena

00:49:44 - Espinosa Mangana, Elena

00:49:48 - Gonzalez Abeijón, Fernando

00:50:05 - Espinosa Mangana, Elena

00:50:10 - Alonso Suarez, María Olga

00:53:18 - Espinosa Mangana, Elena

00:53:37 - Votación [10:06:09]

00:54:05 - Espinosa Mangana, Elena

00:54:13 - Pérez Iglesias, Xabier

00:54:22 - Espinosa Mangana, Elena

00:54:27 - Pérez Iglesias, Xabier

00:54:55 - López Font, Carlos

00:55:13 : 7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a decretar a gratuidade dos aparcadoiros do Hospital Álvaro Cunqueiro, pertencentes ao SERGAS, ao igual que é gratuito o construído polo Concello e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 4287/1101.

00:55:41 - Espinosa Mangana, Elena

00:55:56 - López Font, Carlos

01:00:54 - Espinosa Mangana, Elena

01:01:05 - Martínez Piñeiro, Ana

01:05:54 - Espinosa Mangana, Elena

01:06:01 - Sanchez Mendez, Luisa María

01:09:54 - Espinosa Mangana, Elena

01:10:02 - López Font, Carlos

- 01:13:12 - Espinosa Mangana, Elena
 01:13:29 - Votación [10:26:02]
- 01:13:57 : 8. Moción do grupo municipal do BNG, instando ao goberno municipal a utilizar os remanentes municipais para a atención das necesidades reais da cidade. Expte. Pleno 4281/1101.
- 01:14:14 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:19:16 - Espinosa Mangana, Elena
 01:19:28 - Garrido Valenzuela, Irene
 01:21:58 - Espinosa Mangana, Elena
 01:22:04 - Garrido Valenzuela, Irene
 01:24:19 - Espinosa Mangana, Elena
 01:24:28 - López Font, Carlos
 01:29:39 - Espinosa Mangana, Elena
 01:29:48 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:32:51 - Espinosa Mangana, Elena
 01:33:12 - Votación [10:45:45]

01:33:53 : 9. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre a entrada en prisión do ex alcalde pedáneo de Bembrive, polos delitos de prevaricación, falsidade documental e malversación de fondos públicos. Expte. Pleno 4279/1101.

- 01:34:09 - Martín Peña, José Miguel
 01:38:58 - Espinosa Mangana, Elena
 01:39:09 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:44:10 - Espinosa Mangana, Elena
 01:44:17 - López Font, Carlos
 01:49:24 - Espinosa Mangana, Elena
 01:49:31 - Martín Peña, José Miguel
 01:50:12 - Espinosa Mangana, Elena
 01:50:18 - Martín Peña, José Miguel
 01:52:34 - Espinosa Mangana, Elena
 01:52:52 - Votación [11:05:26]
 01:53:36 - -Moción de uxencia do BNG-
 01:53:57 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:55:10 - Espinosa Mangana, Elena
 01:55:24 - Sanchez Mendez, Luisa María
 01:56:27 - López Font, Carlos
 01:57:37 - Espinosa Mangana, Elena
 01:58:03 - Espinosa Mangana, Elena
 01:58:25 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:58:31 - Espinosa Mangana, Elena
 01:59:45 - Pérez Iglesias, Xabier

VER SI SE INTRODUJO AQUI LA MOCIÓN DE URGENCIA

- 02:00:02 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:00:25 - Espinosa Mangana, Elena
 02:00:50 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:00:54 - Espinosa Mangana, Elena
 02:01:14 - Espinosa Mangana, Elena

02:01:22 : 10. Dar conta de resolucións da Alcaldía, ditadas entre o 22/01/24 e o 18/02/24, incluídas no expediente 1637/1102 (Expte. Pleno 4284/1101).

02:01:39 : 11. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 22/01/24 e o 18/02/24, incluídas no expediente 1638/1102 (Expte. Pleno 4285/1101).

02:01:58 : 12. Dar conta do Decreto da Alcaldía, de data 8.02.24, de delegación no concelleiro delegado de Fomento e Servizos, tódalas atribucións necesarias no proceso de selección do

Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao mundial de fútbol da FIFA de 2030. Expte. 1134/1102 (Expte. Pleno 4273/1101).

02:02:23 : 13. Formulación de rogos.
02:02:29 - Abalde Comesaña, Filipe
02:02:51 - Martín Peña, José Miguel
02:03:04 - Espinosa Mangana, Elena
02:03:08 - Martín Peña, José Miguel
02:03:19 - Espinosa Mangana, Elena

02:03:24 : 14. Formulación de preguntas.
02:03:33 - Martínez Piñeiro, Ana
02:04:19 - Espinosa Mangana, Elena
02:04:24 - López Font, Carlos
02:04:33 - Espinosa Mangana, Elena
02:04:40 - Martín Peña, José Miguel
02:04:50 - Espinosa Mangana, Elena
02:05:24 : [FIN]

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás once horas e dezasete minutos (11:17) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 4/2024, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2024.
am.

A PRESIDENCIA
Elena Espinosa Mangana
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO DE ADMÓN. MUNICIPAL
Jose Villan Fuertes

1. The first part of the document discusses the importance of maintaining accurate records of all transactions.

2. It is essential to ensure that all entries are supported by appropriate evidence and are clearly dated.

3. The second part of the document outlines the various methods used to collect and analyze data.

4. These methods include both qualitative and quantitative approaches, each with its own strengths and limitations.

5. The third part of the document provides a detailed overview of the theoretical framework underlying the research.

6. This framework is based on a combination of established theories and new insights from recent research.

7. The fourth part of the document describes the specific procedures used to conduct the study.

8. These procedures were designed to ensure the reliability and validity of the findings.

9. The fifth part of the document presents the results of the study, which show a clear relationship between the variables.

10. These results are consistent with the theoretical framework and provide support for the hypotheses.

11. The sixth part of the document discusses the implications of the findings for practice and policy.

12. It is hoped that these findings will contribute to a better understanding of the phenomenon under study.

1. The first part of the document discusses the importance of maintaining accurate records of all transactions.

2. It is essential to ensure that all entries are supported by appropriate evidence and are clearly dated.

3. The second part of the document outlines the various methods used to collect and analyze data.

4. These methods include both qualitative and quantitative approaches, each with its own strengths and limitations.

5. The third part of the document provides a detailed overview of the theoretical framework underlying the research.

6. This framework is based on a combination of established theories and new insights from recent research.

7. The fourth part of the document describes the specific procedures used to conduct the study.

8. These procedures were designed to ensure the reliability and validity of the findings.

9. The fifth part of the document presents the results of the study, which show a clear relationship between the variables.

10. These results are consistent with the theoretical framework and provide support for the hypotheses.

11. The sixth part of the document discusses the implications of the findings for practice and policy.

12. It is hoped that these findings will contribute to a better understanding of the phenomenon under study.